VERBAS PARA NOM ESQUECER ...

NON A GUERRA

NUNCA MAIS



XVII FESTIVAL DA POESIA

SALVATERRA DE MINHO

DO 3 O 6 DE SEPTEMBRO 2003

ZACARIAS

EDIÇOM: Sociedade Cultural e Deportiva Codado

COORDENAÇOM: S.C.D. Condado

MAQUETAÇOM: Nolim
Iria Bertolo Sanjuán

PORTADA: Zacarías Castro

AGRADECEMENTO: Adegas "AS LAXAS"

PROMOVE: Granxa Fillaboa S.A. E
Adegas Galegas S.A.

COLABORA: Concello de Salvaterra de Minho

IMPRIME: Gráficas Anduriña

D. LEGAL: PO: 315-2003



MARGA LEDO ANDIÓN

Dende a publicación da novela "Porta Blindada" (1990) e da recolla de relatos "Historias como Barcelona" (1992), a obra literaria é circunstancial, para homenaxes a amigos como Manuel María: o relato "A Maleta de Marsella", ou para apoio de organizacións políticas: "Madalena, 14" editado polo BNG, ou, agora, para "Burla Negra" (poe-poema) ou Antón Avilés de Taramancos (Ele dixo). Estou dirixindio a miña primeira longametraxe, "Santa Liberdade" a partir dunha acción contra Franco e Salazar, protagonizada no 1961 polo DRIL: a toma do trasatlántico Santa maría. Ao frente da operación, con Galvão, dous galegos. Pepe Velo e o comandante Soutomaor.

Poe-poema

branca por dentro
negra por fóra
roxa por dentro
negra por fóra
roxa por dentro
rota por fóra
roxa por dentro
roxa por fóra

Ele dixo

... pois a camélia existe ao dicer o seu nome,
In As Torres do Ar

Ele dixo que o xaguar prefere carne doce e que a carne de negro é carne doce. Ele dixo que admiraba a súa liberdade. Ele díxolle non deixes que na madrugada morra de frío ese paxariño. Ele díxo que atravesara a sabá de Castela *absorto entre as anémonas*. Ele díxolle necesito un pouco de sosego. Ele quixo gardar un pano que tiña algunhas bágoas. Ele agasalloulle un paxaro branco que lle coupo xusto en pechando o puño- na cunca da man.

Ele dixo: cómpre matar a <<Superman>>.